

PROMOCIÓN DA DOAZÓN

UNIDADE DE PROMOCIÓN DA DOAZÓN DE SANGUE DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A información sobre a doazón de sangue, xunto coas facilidades para participar neste acto solidario, son os dous eixos fundamentais que lograron incrementar de forma significativa a taxa de doazón de sangue en Galicia.

Na nosa Comunidade dispoñemos de Locais de Doazón de sangue nas 7 grandes cidades de Galicia, que permanecen abertos máis de 15.000 horas e 10 Unidades Móviles que percorren máis de 250.000 quilómetros cada ano, realizando máis de 3100 desprazamentos a 800 localizacións diferentes. A intención é brindar facilidades aos cidadáns no seu lugar de residencia (concellos, barrios ou parroquias), no seu lugar de traballo (empresas, organismos públicos) ou no seu lugar de estudos (institutos, facultades...).

A Axencia dispón un equipo de persoas que se encargan de promocionar a participación dos doantes en cada un dos desprazamentos das 10 unidades móbiles que cada día se achegan a diversos lugares de Galicia, e realizan as tarefas de difusión de información necesaria para sensibilizar á poboación sobre a importancia de doar sangue de forma regular.

Este equipo de promoción da doazón de sangue, xunto cos voluntarios que traballan nas asociacións de doantes, desenvolven labores informativos adaptados a cada tipo de campaña (distribución de folletos, flyers, carteis, charlas informativas, programa educativo?), ao obxecto de sensibilizar da importancia de doar sangue, polo menos unha vez ao ano, xa que este xesto solidario é vital para axudar a miles de pacientes.

Chegamos a cada recuncho de Galicia

O equipo de promoción da doazón de sangue percorre cada ano máis de 170.000 km e desenvolve labores informativos en aproximadamente 300 concellos, 100 parroquias, 70 barrios das grandes cidades, 125 empresas, polígonos industriais e organismos públicos, 85 centros universitarios, 100 institutos e centros docentes non universitarios e 7 dependencias das Forzas Armadas.

Como é lóxico, a maioría de doazóns prodúcense nas campañas desenvoltas en concellos, aos que se desprazan as unidades móbiles da Axencia cunha frecuencia que depende do número de habitantes e do número de doantes. Hai concellos aos que se acode unha vez ao mes e hai outros que se acode unha ou dúas veces ao ano.

Tamén destaca a participación nas sete grandes cidades de Galicia, que contan con locais de doazón permanentes e aos que se desprazan as unidades móbiles a diversas zonas ou barrios de cada cidade, a empresas, institutos, facultades, etc. Nas grandes cidades prodúcese o 47% do total de doazóns de sangue que cada ano se realízan en Galicia

Outro tipo de campañas vai dirixido ás principais parroquias de Galicia e tamén a empresas e organismos públicos, onde destaca o Grupo Stellantis-PSA de Vigo como a empresa de maior participación de toda España, con máis de 70.000 doazóns de sangue extraídas desde que comezamos a acudir ás súas instalacións.

Tamén se desenvolven campañas anuais en centros docentes (universidade e institutos) e, por último, hai que mencionar a campaña que leva a cabo nas dependencias das Forzas Armadas (Exército de Terra, Armada e Exército do Aire), que excede as 45.000 doazóns de sangue desde que comezamos a nosa

"TÍ DAS O TIPO" TESTIMONIOS DE DOANTES E DOENTES

'Ti das o tipo' con
Chus e Geni

'Ti das o tipo' con
Juan e María

'Ti das o tipo' con
Andrés e Cris

'Ti das o tipo',
historias reais
sobre a doazón de
sangue

PILULAS INFORMATIVAS

“Como salvar
vidas en 10
minutos”

Roberto Vilar
convídanos a
sentirnos ben
doando sangue

Cristina García e
Paco Lodeiro
convídanvos a
doar sangue

Kiko Novoa
convíдавos a doar
sangue

MATERIAL INFORMATIVO

Podo doar
sangue? 

A doazón de

actividade en 1993.

sangue paso a
paso 

Cabe destacar algúns dos programas e campañas especiais que realiza a Axencia aos longo do ano:

Campaña de doazón de sangue en empresas e organismos públicos

As unidades móbiles de doazón de sangue da Axencia visitan máis de 130 empresas, polígonos industriais e institucións públicas, e supoñen preto do 8% do total de doazóns que se producen cada ano en Galicia.

A clave do éxito destas campañas solidarias baséase na distribución da información nos días previos á chegada da unidade móbil e ás facilidades para poder doar sangue dentro do horario laboral.

Programa Mensaxeiros Solidarios

Programa formativo con 20 anos de traxectoria, lévase a cabo en máis de 300 centros educativos de Galicia e está dirixido ao último curso de educación primaria e primeiro de secundaria. Ten un dobre obxectivo:

- Tratar o concepto do sangue como un elemento positivo na vida das persoas e combater a visión cultural negativa que rodea a este líquido vital.
- Implicar aos nenos e nenas de cada colexio para que se convertan en "mensaxeiros" da doazón de sangue na súa contorna familiar.

Programa Educación Solidaria

A Axencia tamén impulsa accións formativas e informativas entre o profesorado e alumnado dos centros docentes de educación secundaria (último curso) e bacharelato (primeiro curso).

Programa en institutos formación profesional e en universidades

Dentro das campañas desenvoltas pola Consellería de Sanidade desde 1994, enmárcase a levada a cabo en preto de 100 centros docentes non universitarios e en 80 centros universitarios.

As difusión de material informativo e as charlas impartidas clase por clase e curso por curso en institutos de formación profesional de toda Galicia e en centros universitarios dos 7 campus, unido ao desprazamento das unidades móbiles da Axencia unha ou dúas veces por curso a cada centro docente, facilita a participación do alumnado maior de 18 anos, profesorado e PAS, obtendo preto de 9.000 doazóns ao ano, das que 3.200 son realizadas por doantes de primeira vez.

Rexuvenecer a base de doantes de sangue en Galicia é un obxectivo estratéxico, xa que é imprescindible combater o progresivo envellecemento da poboación e as súas negativas consecuencias para lograr o número de doazóns que precisan cada ano os hospitais.

Participa no noso programa educativo

Se queres colaborar coa Axencia desenvolvendo unha campaña educativa nun colexio, unha empresa ou un colectivo, pode contactar:

Teléfonos: 900 100 828 e 881 546 900

Correo electrónico: promocion.adors@sergas.gal

No portal web e redes sociais da Axencia hai información específica da doazón de sangue: proceso de doazón, requisitos e obtención de compoñentes sanguíneos.

<https://a.Axencia.sergas.gal>

<https://twitter.com/doadoressangue>

<https://www.facebook.com/doadoressangue>

<https://www.youtube.com/channel/ucl2vp0q1nmFBV9zsQacs4oQ>

<https://www.instagram.com/doadoressangue/?hl=é>

*O sangue **non se pode fabricar** e só é posible obtela coa doazón de persoas que comparten a súa saúde coas que a perderon*

A solidariedade está dentro de ti

Para xestionar o sistema sanitario necesitamos infraestructuras (hospitais, quirófanos, centros de saúde, ambulancias....), profesionais (médicos, persoal de enfermería, persoal auxiliar, persoal celador, persoal administrativo...), tecnoloxía para realizar o diagnóstico e tratamentos dos enfermos (radiografías, análises...), fármacos para o tratamento dos pacientes e, tamén, persoas que doan sangue, un xesto imprescindible no desenvolvemento da actividade sanitaria.

Cada día, os hospitais galegos atenden máis de 160.000 procesos sanitarios, levan a cabo 14.100 probas diagnósticas e atenden 5.100 estancias hospitalarias. Os hospitais galegos necesitan cada día entre 400 e 500 doazóns de sangue para atender unha media de 2.800 urxencias, máis de 800 intervencións cirúrxicas, 1 transplante de órganos e 1.600 atencións nos hospitais de día.

Unha intervención cirúrxica pode necesitar dúas bolsas de glóbulos vermellos, nalgúns accidentes de tráfico e transplantes de fígado chégase a utilizar o sangue que doan 10 ó 20 persoas, no tratamento de persoas con cancro ou leucemia necesitamos plaquetas obtidas de moitas doazóns de sangue.

As persoas que doan sangue forman parte do noso sistema sanitario, están presentes nos quirófanos cando realizamos unha intervención quirúrgica, nas urxencias cando atendemos a unha persoa que sofre un accidente de tráfico, nos hospitais de día cando tratamos aos enfermos de cancro ou leucemia ou cando realizamos transplantes de órganos. Por iso, a Axencia utiliza o lema súmate ao noso equipo, para transmitir a importancia de compartir a saúde cos pacientes que queren solucionar a súa enfermidade.



DOA SANGUE

#sumateaonosoequipo

Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.

galicia
o bo camiño

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ados
asociación de doadores de sangue

Se quere colaborar con ADOS para impulsar unha iniciativa informativa, unha campaña educativa ou unha campaña de doazón de sangue nunha empresa ou colectivo pode contactar:

Teléfonos **900 100 828** e **881 546 900**